

QUEBRACABEZAS

Texto e ilustracións de **DIEGO BIANKI**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 24 x 30,5 cm. 56 páx. 16 €.

Páxinas despregables no interior.

MENCIÓN ESPECIAL NA FEIRA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DE BOLOÑA 2015 (PARA PÚBLICO DISCAPACITADO)

Quebracabezas (galego)
ISBN: 978-84-8464-996-0.

Rompecabezas (castelán)
ISBN 978-84-8464-981-6.

Ti miras para min. Eu miro para ti.

Ti falas moito. Eu escoito sempre.

Ti sorrís. Eu sorrío...

Pulgas, cans, parrulos, papagaios, gatos, moscas, coellos...

viven con nós xunto con milleiros de animais e de persoas.

Se contamos os que viven no ceo e máis aló das nubes, no espazo,

parece como se non houbera unha cifra na que puidésemos caber

todos, como se cada parte dese inmenso número fose unha peza

dun quebracabezas infinito. Mais, aínda que sexamos tantos

e parezamos tan distintos, hai algo no que somos iguais:

TODOS SOMOS DIFERENTES. E aínda que non haxa un número

no que caibamos, hai unha palabra na que si nos podemos atopar:

NÓS.

“Recuperar, reciclar e reutilizar” é o lema do autor á hora

de abordar o proceso artístico deste libro. Cun enfoque orixinal,

utilizando caixas de cartón, pintadas e encaixadas coma

un quebracabezas, Diego Bianki crea un mundo de diferentes

identidades que, á súa vez, se interrelacionan. Con este sinxelo

antídoto lúdico contra a discriminación e a exclusión, Diego Bianki

invita os lectores a xogar e a experimentar, a seguir sumando

novas combinacións para que cada quen constrúa o seu propio


catálogo de identidades infinitas, facendo este quebracabezas

cada vez máis grande.



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** diversidade, colectividade; non exclusión, non discriminación; reciclaxe.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** mención na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña 2015 (discapacidade); xogo; reciclaxe; contén instrucións para elaborar un quebracabezas a partir de caixas usadas, e suxerencias para combinar as pezas.

Vídeo: <https://youtu.be/GB0LixDCrAc>

Diego Bianchi (Bianki)

(La Plata, 1963)

Mestre de debuxo e deseñador (Universidade Nacional de La Plata). Traballa como ilustrador, director de arte do selo Pequeño Editor -do que é cofundador- e autor de libros ilustrados para público infantil e xuvenil. Colabora con xornais e revistas de varios países, ademais de participar en foros, festivais e xornadas sobre edición, ilustración e literatura infantil. Polas súas obras recibiu, entre outros, o Premio Novos Horizontes da Feira Internacional do Libro de Boloña (2013), o Premio Konex de Ilustración 2012, e foi incluído na lista The White Ravens.

<http://www.diegobianki.com>

